



CATRO TÍTULOS DE ALVARELLOS EDITORA, ENTRE OS FINALISTAS DOS PREMIOS DA EDICIÓN 2010

- Trátase dos ensaios *Parir a liberdade*, de Elvira Fente, e *Guía secreta da gastronomía de Galicia: Ourense*, de Martín Álvarez; da novela *30 gramos* de Leonel Moura e do volume educativo *O xornal na clase de matemáticas* de Cecilia Alvarellos.
- Os premios, convocados pola Asociación Galega de Editores, faranse públicos na VI Noite da Edición 2010 que se celebrará en Lugo o 12 de marzo.



A Asociación Galega de Editores deu a coñecer hoxe os libros finalistas aos Premios da Edición 2010. Entre os seleccionados, figuran catro títulos publicados o pasado ano por Alvarellos Editora (un deles, en dúas categorías):

- Na categoría de “Premio Ánxel Casal ao libro de ficción” é finalista a novela **30 gramos** de Leonel Moura.
- Na categoría “Premio Ánxel Casal ao libro de non ficción” son finalistas a **Guía secreta da gastronomía de Galicia: Ourense** de Martín Álvarez, e **Parir a liberdade** de Elvira Fente
- Na categoría “Premio Xosefa Iglesias Vilarelle ao libro educativo” é finalista **O xornal na clase de matemáticas** de Cecilia Alvarellos.
- Finalmente, para o “Premio Lois Tobío á tradución do ano” foi seleccionada a novela **30 gramos** de Leonel Moura, traducida por Ramón Nicolás.

Os premiados daranse a coñecer no transcurso da VI Noite da Edición 2010 que se celebrará en Lugo o 12 de marzo.

[Área de Comunicación de Alvarellos Editora. correo@alvarellos.info. 981 522 137 / 609 90 88 52]



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info